

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 28 DE DECEMBRO DE 2017

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e oito de decembro de dous mil dezasete, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e sete minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna.Gloria M^a Prada Rodríguez, D.Iban Torres Rodríguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: D.Emilio José Sánchez Iglesias.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Non adscritas/o: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M^a José Vega Buján, D.Víctor López Mateo.

Interventora acctal.: Dna. María I. Buján Arias.

Secretario: D. José M^a Baños Campo, que dá fe do acto.

Non asiste Dna. M^a Isabel García Díaz (**Grupo municipal de Esperta Monforte**), por ausencia xustificada.

O Sr.Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar o asunto da orde do día.

Punto único.- CUESTIÓN DE CONFIANZA VINCULADA Á APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DE 2018 DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS: ORZAMENTO DA ENTIDADE LOCAL E DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS, BASES DE EXECUCIÓN, CADRO DE PERSOAL, TEITO DE GASTO, MASA SALARIAL DO PERSOAL LABORAL.

De acordo co previsto no art. 197.bis da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral, o acordo ao que se vincula a cuestión de confianza que o Alcalde presenta ao Pleno é o seguinte, que foi debatido na sesión celebrada o 18 de decembro de 2015 e non obtivo a aprobación do Pleno da Corporación municipal:

“ORZAMENTO XERAL DE 2018 DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS: ORZAMENTO DA ENTIDADE LOCAL E DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS, BASES DE EXECUCIÓN, CADRO DE PERSOAL, TEITO DE GASTO, MASA SALARIAL DO PERSOAL LABORAL.

Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2018, formado polo Orzamento do Concello e o do Instituto Municipal de Drogodependencias, así como, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensiva de todos os postos de traballo tanto funcionario coma laboral, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido do informe de Intervención de data de 7 de decembro de 2017

Visto o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto de data de 7 de decembro de 2017.

Proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Monforte de Lemos e o seu organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias para o exercicio económico 2018, que ascende a **12.629.100,93 €**, xunto coas súas Bases de execución, que resumido por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE CONSOLIDACIÓN ORZAMENTO 2018

GASTOS				
2018	ORZAMENT O DA CORPORACI ÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENC IAS	TRANSFERENCI AS A ELIMINAR	ORZAMENT O XERAL CONSOLIDA DO
CAPITULO I	4.146.630,07	256.182,31		4.402.812,38
CAPITULO II	6.295.058,87	18.217,69		6.313.276,56
CAPITULO III	19.271,17			19.271,17
CAPITULO IV	990.580,24		274.400,00	716.180,24
CAPITULO V	0,00			0,00
TOTAL	11.451.540,35	274.400,00	274.400,00	11.451.540,35
CAPITULO VI	842.149,04			842.149,04
CAPITULO VII	57.226,66			57.226,66
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	272.184,88			272.184,88
TOTAL	1.177.560,58	0,00	0,00	1.177.560,58
TOTAL XERAL CONSOLIDA DO	12.629.100,93	274.400,00	274.400,00	12.629.100,93



INGRESOS				
2018	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	4.978.944,91			4.978.944,91
CAPITULO II	80.000,00			80.000,00
CAPITULO III	2.097.785,77			2.097.785,77
CAPITULO IV	5.119.272,38	274.400,00	274.400,00	5.119.272,38
CAPITULO V	77.097,87			77.097,87
TOTAL	12.353.100,93	274.400,00	274.400,00	12.353.100,93
CAPITULO VI	0,00			0,00
CAPITULO VII	0,00			0,00
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	270.000,00			270.000,00
TOTAL	276.000,00	0,00	0,00	276.000,00
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	12.629.100,93	274.400,00	274.400,00	12.629.100,93

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

TERCEIRO. Aprobar o teito de gasto de acordo coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para o exercicio 2018 de acordo cos cálculos da regra de gasto :

LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE FINAL CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS:	2,4 %	11.194.839,85
LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE ORGANISMO AUTÓNOMO: I.M.D.	2,4 %	271.172,46

CUARTO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral do Concello, que ascende a 1.027.290,10 €, e do I.M. de Drogodependencias 174.041,72 €

QUINTO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2018, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días hábiles, computando o prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ó público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

SEXTO. Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

SÉPTIMO. Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma, a través das plataformas habilitadas ó efecto.”

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por seis votos a favor da cuestión de confianza (Grupo Socialista), nove votos en contra (Grupo do PP e concelleiras/o non adscritas/o) e unha abstención (Grupo do BNG), adopta o seguinte

ACORDO

Non outorgar a confianza formulada polo Sr.Alcalde ante o Pleno municipal.

Non obstante, segundo o previsto no art. 197.bis.5 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral (LOREX), a confianza entenderase outorgada e o acordo do orzamento de 2018 vinculado a ela aprobado, se no prazo dun mes –é dicir, ata o 29 de xaneiro de 2018 incluído-, non se presenta unha moción de censura con candidato alternativo a Alcalde, ou se esta non prospera.

A votación foi nominal, segundo prevé o art. 197.bis.2 da LOREX, na forma que establece o art. 101 do ROF:

Orde de chamamento para a votación dos/das asistentes á sesión	Sentido do voto
Argiz Quintas, M ^a Purificación	NON
Cadarso Palau, M ^a Alicia Inmaculada	NON
Cela Rodríguez, Francisco José	NON
Douton Rajo, Marina María	SI
Espinosa Novelle, María del Pilar	SI
López Martínez, M ^a Pilar	NON
López Mateo, Víctor	NON
López Sánchez, Manuel Jesús	NON
Losada Fernández, José Luis	SI
Prada Rodríguez, Gloria M ^a	SI
Rodríguez Barreira, M ^a Julia	NON
Sánchez Iglesias, Emilio José	ABSTENCIÓN
Torres Rodríguez, Iban	SI
Vázquez Rodríguez, Emilio Iván	NON
Vega Buján, M ^a José	NON
Alcalde.- Tomé Roca, José.	SI

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que o Pleno é convocado por segunda vez en decembro para unha cuestión de confianza vinculada ao orzamento, coincidindo co 28 de decembro, día dos inocentes. Hai dous anos, para a primeira cuestión de confianza deste Alcalde. Hoxe, por segunda vez no seu mandato. Non se trata de debater o orzamento, xa se fixo e

se deron os motivos de estarmos en contra. Hoxe trátase de se se confía ou non, nós non confiamos en vostede, Sr. Alcalde.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que como dixo a anterior interviniente, trátase de amosar ou non confianza neste Alcalde e no Grupo de goberno. Nós votamos en contra do orzamento, hoxe vincúlase a unha cuestión de confianza. Son moitos os elementos para amosarlle ao Alcalde que non conta coa nosa confianza. Moito ten traído este Grupo municipal nunha oposición construtiva –pon exemplos- e a todo o Alcalde e o seu equipo votaron en contra, non só en temas normativos senón en outros como Aqualia ou o do baixo do Hotel Comercio. Podíamos falar da rúa do Conde, da rúa Cobas, a todo ten o Alcalde votado en contra. Anteponse o ego persoal: se non son ideas do propio Alcalde, en contra. E a cousas aprobadas, o Alcalde non lle dá cumprimento. Actúa de forma prepotente e ditatorial desoíndo a quen representamos á maioría dos cidadáns. Está a trampear, coida os tempos para poder chegar ás eleccións de 2019. A cidade precisa máis que asfalto e festas, debe escoitar á Corporación e á veciñanza. Non conta coa confianza do Grupo municipal Popular.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que no 2015 tamén houbo unha cuestión de confianza para o orzamento de 2016. Gustaríanos ter sabido a data deste Pleno polo Alcalde e non pola prensa, para conxugar a vida persoal e a política. A confianza hai que gañala ou non perdela, tamén a da veciñanza. Debe afrontar o que se acorda. Trabucarse é humano, máis humano é rectificar. Se a votación de confianza é non, serán máis de dous meses para contar con orzamento. Este Grupo non vai retirarlle a confianza, porque queremos que cumpra os compromisos, mantemos a nosa postura.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que lle di á portavoz do PP que o Presidente da Xunta dixo que o non en Lugo á cuestión de confianza foi por non deixar gobernar á lista máis votada. Estamos convencidos de que son uns orzamentos bos para Monforte e sometémolos ligados a unha cuestión de confianza. Son uns orzamentos mellores que os de anteriores mandatos. Son claramente sociais. Para facer investimentos sustentables, para apoiar ao comercio, para reducir débeda. Superan ao último do BNG de 2015 en 700.000 euros para atender ás persoas. Máis de 200.000 euros son para axuda a domicilio, dos que o Concello pon 111.000 euros. En máis de medio millón de euros supérase o investimento de 2015 e hai máis para Cultura e para outras cousas. Os non adscritos –do BNG antes- abstiveron no orzamento de 2017. Se son uns orzamentos continuístas, por que non se absteñen agora? A portavoz do PP non xestiona nada por Monforte, haberá que ver se non hai algunha cousa bloqueada. No Parlamento de Galicia, no debate dos orzamentos, as frases de Puy, Villares, Leiceaga ou Pontón recollen as mesmas cousas que aquí, xa me dirán en que se parecen. As competencias de industria son da Xunta, o Porto Seco xa non é culpa do saneamento. Tamén é exclusiva da Xunta a materia de xuventude, non vemos que lle pida nada á Xunta. Os Concellos non teñen competencia en materia de emprego. Que o Presidente da Xunta cumpra o que promete. Xa se ve o que é a lexislatura do rural, non sei para facer que. No orzamento de Monforte si hai axuda ao xove. Pénseno ben e faciliten o orzamento. Dille a Dna. Julia Rodríguez que ditador é quen está fóra da lei e quere impoñerse, ela si é ditadora. Dille a Dna. Pilar López que non confía nin no seu propio partido.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle pregunta ao Alcalde a que partido se refire. Actuamos sempre en beneficio da nosa cidade. O debate hoxe non é o orzamento, senón a cuestión de confianza. Para as cifras de agora e de hai cinco anos, compare ingresos e compare axudas da Deputación. Di que cumpriu os acordos habidos para 2017: en canto aumentou a partida para emprendedores? Díxome que



ía aumentala, teño previsto preguntalo formalmente. Como dixo Margarita Robles, é a soberbia da maioría absoluta sen tela. Tampouco cumpriu con publicar o da gardería. O mesmo coa rúa do Conde. Vostede nunca me chamou para negociar en serio os orzamentos. Contaba telos coa votación de confianza. Hai que ser serios. Mentres tanto, non se ría dos grupos da oposición.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao Alcalde que é polo que ela non xestiona, que lle pide axuda ante a Xunta. Quen se opón ás cousas, máis que vostede, que sistemáticamente está en contra do que veña dos veciños e de asociacións, aí está o dos veciños da rúa Cobas e o dos viais do Porto Seco. O que non veña da súa man, nada. Parece que todo é competencia dos demais, por iso reduce ou deixa en nada o destinado ao rural. Que se fai en xuventude, en transporte, en cultura? ou en turismo? Aparte de torpedear o do baixo do Hotel Comercio, fixo algo? Hai ditadura ao impoñer o seu criterio, cando a oposición sumamos máis. Como non é unha persoa conciliadora, votaremos en contra, non goza da nosa confianza.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que do do ano pasado pouco sacamos en limpo. Estamos agora para 2018, non imos retirar a confianza para que cumpra, por exemplo, coa xuventude.

Do Sr. Alcalde, que di que se votan en contra, é que non lles preocupa que non se arranxen os problemas. Atrasan máis tempo o orzamento, prexudican o comercio, aos empresarios, actividades de todo tipo. Quero dar as grazas ao BNG e a Esperta Monforte, aínda que hoxe non estea aquí. Os demais estaban en contra dende o principio, dixese o que dixese o orzamento. Cando se fusionen, avisen para poder asistir ao acto. O único que me preocupa é sacar adiante uns orzamentos beneficiosos para Monforte. Enchen a boca coa veciñanza, pero están os datos de que nestes dous anos o 40,5% dos monfortinos consideran que mellorou a cidade –duplicouse a porcentaxe- e o 9,5% que empeorou. Como dixo o Sr. Feijoo, deixen gobernar. Nós non votamos en contra das súa iniciativas, senón de como se presentan.

Non habendo outro asunto a tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vinte horas e corenta minutos do expresado día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,

(ACTA APROBADA NA SESIÓN PLENARIA DO 29/01/2018)



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/01/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 30/01/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/01/2018 15:56:42

